

## Balbino segue na aldea pero xa non é un ninguén

**A Asociación de Escritores homenaxeou a Neira Vilas nas riveiras do Ulla**

♦ A. EIRÉ

Esta vez o E que a Asociación de Escritores lle entregou a Neira Vilas non só era un E de escritor, senón que, como dixo o homenaxeado, tamén era o E de emigrante. Tamouco era o peche dun ciclo, senón "un empuxón para o futuro", como afirmou o vicepresidente da entidade organizadora Carlos Mella. E nas insulas de Gres, e nas Cruces, déronse cita escritores, pero tamén viciños que non só se ollaban reflejados nos escritos de Neira Vilas senón tamén na sua persoa.

Balbino volvía da emigración 43 anos despois, feito petrificado de setenta anos. Non viña en haiga, nem falaba castrapo. Non era un gañador e tampouco un fracasado como o proba que voltase. Balbino traía recordos, vivencias compartidas. Lembranzas a esgalla e traballo arreto. Balbino viña con toda unha vida escrita na alma e en papel de libro, desde cando era "un ninguén". E Balbino era recoñecido, admirado, louvado polos seus viciños e autoridades e polos seus colegas escritores. Non sabíamos nada de Balbino desde aquelas, ainda que son as anadas de rapaz más relatadas.

Ou iso pensabamos. Se cadría non é así non estaba ali Balbino. Porque Neira Vilas afirma que el non é un emigrante retornado, que el sempre viviu na Galiza, "para seguir sendo, para non esluirme, para non perderme. Cando voltei, trouxeran o corpo, a alma seguía aquí". E o corpo andou por Arxentina e por Cuba con Galiza como "bandeira ergueita, a referéncia da miña identidade".

E, neste tempo, Neira Vilas contounos histórias. A dos nenos labregos e a dos pescadores no Caribe, a dos emigrantes bonaerenses e a dos loitadores cubanos, a dos sindicalistas e a dos aventureros, a dos homes singulares e a dos galegos comuns. Neira Vilas escribeu para "a miña xente, para o meu povo". Cunha única idea: "ser útil".

Escrebeu en galego pois "non seña quen de utilizar calquera outra lingua. Se escrebo é porque o fago en galego". E cóntranos as cousas porque "pasaron aquí, pasáronme a mi, ainda que tamén lle pasaron a moitos". Xosé Neira, afirma que "eu escreba en galego é tan normal coma para un xílgaro o seu cantar, non podería ser doutro xeito". E o xílgaro xa non seria xílgaro e Neira



Miguel Anxo Fernán Vello, á esquerda, definiu a Neira Vilas como "paradigma de galeguismo e universalidade". A.N.T.

Vilas non sería o Pepe de Gres.

Porque, como aprendería na Arxentina, "hoxe a un escritor non se lle pide orixinalidade, porque xa todo está escrito, senón autenticidade e, claro, o máis auténtico para un galego é a súa lingua, a lingua galega".

Esa autenticidade foi a que o levoou no seu discurso, antes de descubrir unha lamela que lle dá seu nome a unha rúa na vila de As Cruces, a arremeter con carraxe contra aqueles que fan do galego un "uso de circunstancias, unha pantalla", acusándoo de farsantes e de hipócritas.

Tamén recordou, como internacionalista, as "lacrás do mundo" e as "mágoas que nos fiten a todos", realizando unha denuncia da explotación e do dominio sobre os homes e sobre os povos. És dous únicos temas nos que levanta a voz, el que sempre teima en non significarse, en ser

un viciño máis, útil para os demás co que sabe facer.

Neira emocionábase ainda máis ao recordar a Anísia Miranda e os 40 anos que levan de vida, espetanzas, traballo e proxectos compartidos, antes de agarrar ó Neira Vilas panteita: "Síntome dezano, sinto a Gres dentro de mim, únicamente son unha faragulla da terra donde nacín e onde crecí". O Neira franciscano que, recordando a José Martí, volvía ao comezo: "toda a gloria do mundo colle nun gran de millo".

Recoñecimento unánime

Non se estaba a recoñecer unicamente a traxectoria artística de Neira Vilas, "o seu intenso traballo de recuperación da memoria de emigración", senón tamén o ser un "paradigma de galeguismo e da universalidade", como o definiría Miguel Anxo

Fernán Vello. Senón que o alcalde das Cruces, o popular Xesús Otero Varela, que preside un concello no que se negan ainda a recoller as actas dos plenos en galego, no que a principal praza leva dous nomes, o do Generalísimo e o do Rei Juan Carlos, loubou tamén a traxectoria humana de Neira Vilas: "a mostra máis limpia, o cerne da idea social no campo", dándolle as gráciias por "ter a Galiza sempre presente". E na sobremesa o alcalde loubou a Cuba ao presentar ao cónsul, e deulle paso, na de remilgado, aos vivas a Cuba e a Fidel.

As xentes de Gres estaban tan emocionadas coma Neira Vilas e Anísia. E sentían a Balbino como seu, e os libros de Neira como propios, e a Pepe como un viciño máis. E tamén estivo na homenaxe Xosé Cuiña, "como dezano, como admirador, como rapaz que se sinte reflexado en Balbino porque eu tamén andei descalzo". Os parlamentarios do BNG Bieito Lobeira e Pilar García Negro non se quixeron perder o acto máis das xuntanzas, así como concelleiros nacionalistas e socialistas e sindicalistas.

Manuel Riveiro Loureiro puxo de manifesto que os que non estaban foron os da Academia Galega, nen os dos Consello da Cultura e outras institucións que non sequer quixeron quedar ben mandando un telegrama. E hóbúboas a feito, a esgalla, mesmo de moitos presentes e doutrinos ausentes que sempre están presentes pero que non van a nengún lado. E estaba unha boa parte do mundo literario e cultural galego, comezando polos anteriores premiados: Bernardo Graña, Manuel María e María Xosé Queizán (Avilés seguramente andaba esparsendo nos nubetos para que non nos mollaríamos tanto). Non citaremos a máis ninguén, que sempre queda algúen fora e depois viene os enfurruñados, como pasou no xantar.

Para rematar o acto, Mini e Merlo, da Quenilla, servironnos unha dose pura de emoción até levar aos presentes, ergueitos, a un aplauso de tres minutos e medio. Chegaron tres cantigas. Un romance e uns versos de Neira Vilas e, para rematar, Celso Emilio Ferreiro.

Balbino segue a ser un rapaz da aldea, segue a ser pobre, pero xa non é un ninguén. Bastante da culpa tena o "escreber nun caderno valeirando o corazón". ♦

## Se Timor...

VÍTOR VAQUEIRO

Se Timor non estivese situado nos lonxueos territorios dos mares do Sul, que se acostumán definir como paradisíacos —os media posuen unha equipaxe lingüística abondo limitada: pense-se en emblemático e outras semellantes— na veciñanza das terras de Papua, onde Stevenson xace para sempre, nos océanos polos que descorreron os colonizadores portugueses con Albuquerque á frente e o Endeavour, ao mando de James Cook, que aseguraba, Cook, que a estatura minguada das mulleres plebeas —non así as aristócratas— das illas de ensoño tina orixe probable no pendor amatório ao que eran afeiçoadas en grau exagerado...

Se Timor non se achase neses mares onde moiñá máis tarde, de xeito figurado, certamente, Clark Gable, Charles Laughton, Marlon ou Trevor Howard, todos catto, cada quen ao seu xeito, combateron na Bounty, procuraron illas (paradisíacas), Pitcairn, por pormos un exemplo, atravesaron miles de quilómetros, fixeron, nun acto repetido desde a orixe da Historia, que outros homes sufriñan unha morte cruel —como toda outra morte provocada— falecendo de espanto baixo a quilla...

Se Timor se atopase, millas, léguas, quilómetros ao Noroeste de onde, en realidade, se atopa, nas nacións que xeraron a Sinbad o Maruxo, que deixou aventuras que Sheherezade deitaba unha noite apóas outra no ouvido de Schiarri, para gozo de Borges e doutras e doutros...

Se Timor estivese rexido por xeques proprietarios de Rolls Royce de ouro que sucaran maxestosamente a 5th Avenue, USA, entón, queridas e queridos, Occidente berraría pola violación dos resultados dun referendo limpo, os paramilitares indonésios serían terroristas, monstruos devoradores da liberdade, os independentistas timorenses serían os demócratas, veríamos ollos de fermosas mulleres, ampliados pola tipografía e subliniados polos modernos medios infográficos, ocupando, eses ollos, páxinas e más páxinas que trouxeran as grandes rotativas e corpos —refiro-me aos de imprensa— xigantescos que proclamarían liberdade para Timor, freedom for Timor, Freiheit für Timor, en todos os idiomas coñecidos e algun descoñecido, e as bandeiras, as grimpolas do Fretelín ondearian, cotiás, nos fogares deste mundo ao que chamamos libre e veríamos Schwarzkopf, cabeza preta, disposto a aqüelar unha nova trevoada do deserto que mudase en llailaina a nai de todas as batallas, e voarián tomahawk, sen tréguas, mais Timor e Kuwait son nomes de fonéticas diferentes dabondo e Alexandre Simão é moi probable que non posuía carto, canto máis un Rolls Royce. ♦